

RESOLUCIÓN RA 1/2022 - COFRARÍA PESCADORES DE CAMARIÑAS

No Pleno:

D. Ignacio López-Chaves Castro, Presidente.

D. Daniel Neira Barral, Secretario / Vogal.

Dona. M^a Teresa Cancelo Márquez, Vogal.

En Santiago de Compostela, a 22 de febreiro de 2022

EXPÓN:

O pleno da Comisión Galega da Competencia, coa composición expresada á marxe, ditou a seguinte Resolución no Recurso Administrativo (Resolución identificada coas siglas “RA”), interposto por **D. VICTOR MANUEL SAMBADE ROMAR**, ao amparo do disposto no artigo 47 da Lei **15/2007**, de 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) contra a decisión da **Subdirección de Investigación (SUBDIC)**, desta Comisión Galega da Competencia, pola que se acordou o peche cautelar da información reservada (IR) que, en virtude de denuncia presentada polo agora recorrente, estíbese a desenvolver en dito órgano de investigación e identificadas coa referencia **IR 3/2020**, “**Cofraría de pescadores de Camariñas**”.

A condición de relator da presente resolución correspondeu ao vogal/secretario, D. Daniel Neira Barral.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 5 de febreiro de 2020 recibíase na Subdirección de Investigación (SUBDIC), da Comisión Galega da Competencia, unha denuncia presentada por D. VICTOR MANUEL SAMBADE ROMAR, na que manifestaba a posible existencia de prácticas restritivas da competencia atribuíbles á “Cofraría de Pescadores Virxe do Monte de Camariñas” (en diante, “Cofraría de Pescadores de Camariñas” ou simplemente “Cofraría”) e, implicitamente, ao seu Patrón Maior e ao seu Cabido, en relación á comercialización de marisco (berberecho), na Lonxa de Camariñas, xestionada por dita Cofraría.

SEGUNDO.- Á vista da denuncia e ao amparo do artigo 49 LDC, a SUBDIC realizou unha información reservada (IR), de forma preliminar para saber si concurrían as circunstancias

que xustificasen a eventual incoacción dun expediente sancionador, identificando ditas dilixencias indagatorias coa referencia “IR 3/2020 “Cofraría de Pescadores de Camariñas”.

En concreto, entre outras actuacións, solicitóuselle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, con data 25 de novembro de 2020, para que achegase a seguinte información e remisión de documentación:

1. Se nese departamento recibiron algunha noticia, ben procedente de inspeccións ou denuncias, acerca da posible existencia de irregularidades na comercialización de produtos (en concreto berberecho), por parte da Cofraría de Pescadores de Camariñas ou de persoal vinculado á mesma.
2. En caso afirmativo, a remisión dun informe sobre os feitos dos que tiveran coñecemento e a súa valoración desde a perspectiva da normativa sectorial e as posibles actuacións a desenvolver desde esta SUBDIC, tanto respecto da veracidade dos feitos, dos sus posibles responsables (persoas físicas e xurídicas), así como a súa percepción sobre a incidencia de tales comportamentos, de terse considerados como certos, no funcionamento competitivo dese mercado.

TERCEIRO.- Con data 30 de decembro de 2020 recibíuse informe da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, no que se conclúe que non se apreciaron irregularidades no marco da normativa sectorial. Asemade xuntaba un informe da Subdirección Xeral de Gardacostas, de 21 de decembro de 2020 tras efectuar unha inspección na Lonxa de Camariñas. Dito informe foi incorporado ás dilixencias informativas que configuran no IR 3/2020, que se axuntan co presente informe.

CUARTO.- Á vista de toda a información obtida nas dilixencias de investigación desenvolvidas, a SUBDIC chegou a conclusión de que na medida en que os feitos denunciados e investigados revelaban a existencia dun conflito entre partes, de natureza estritamente privada e, en todo allea á normativa de Defensa da Competencia, tales feitos non constituirían unha conduta das prohibidas nin polo artigo 2 LDC, invocado polo denunciante, nin polos artigos 1 e/ou 3 LDC, que son os únicos dos que unha Autoridade de Competencia pode coñecer, polo que se procedía ao peche cautelar das actuacións desenvolvidas como IR 3/2020, Cofraría de Pescadores de Camariñas.

QUINTO.- Con data 21 de decembro de 2021 o denunciante presentou recurso administrativo, ao abeiro do artigo 47 LDC, contra o acordo desta SUBDIC, de data 3 de decembro de 2021.

SEXTO.- Con data 1 de febreiro de 2022, o Secretario do Pleno da Comisión Galega da Competencia solicita ao abeiro do artigo 24 LDC solicita á SUBDIC a remisión do informe e as actuacións identificadas como IR 3/2020 con motivo do recuso administrativo interposto polo denunciante, acompañando a copia do recurso interposto polo mesmo.

SÉTIMO.- O Pleno deliberou e pronunciouse sobre este asunto na súa reunión do 22/02/2022 acordando o que se recolle na presente resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Obxecto da presente Resolución e pretensións do recorrente

Na presente Resolución este pleno deberá pronunciarse sobre si o acordo con data 3 de decembro de 2021, sobre a decisión de poñer fin cautelarmente á información reservada desenvolvida coa referencia IR 3/2020 da cal non se desprendían indicios de infracción da LDC, é susceptible de producir indefensión o prexuízo irreparable aos dereitos ou intereses lexítimos do recorrente tal e como exige o artigo 47 de la LDC.

SEGUNDO. - Ausencia dos requisitos do artigo 47 de la LDC

Remitíndonos á doutrina do Tribunal Constitucional reiteradamente exposta polo Consello da CNC, entre outras moitas, na súa Resolución do 22 de novembro de 2013 (Expte. R/0152/13, ANTONIO BELZUNCES) nas que se declara que "*a indefensión supón unha limitación dos medios de defensa producida pola indebida actuación dos órganos correspondentes*", debe estimarse que a indefensión á que se refire o artigo 24.1 da CE é so aquela que produza un real e efectivo menoscabo do dereito de defensa e que, seguindo tamén a xurisprudencia constitucional, "*non se dá indefensión cando existiu a posibilidade de defenderse en termos reais e efectivos*" (STC 71/1984, 64/1986).

Analizando as particulares circunstancias do caso que motiva o recurso, este Pleno entende que o acordo da SUBDIC non contén elementos que permitan deducir unha limitación nas facultades de defensa do recorrente. Así mesmo, a presente resolución, que resolve o recurso interposto, deixa expedita a vía xurisdiccional contencioso-administrativa, polo que non cabe interpretar que se lesione o dereito á defensa do recorrente.

Á súa vez, a motivación incluída no acordo da SUBDIC e a presente resolución, permiten descartar calquera tipo de indefensión.

En cuanto ao segundo dos requisitos exixidos polo artigo 47 de la LDC para que poida prosperar o recurso, isto é, la existencia dun prexuízo irreparable, cabe lembrar que o Tribunal Constitucional entende por prexuízo irreparable "*aquel que provoque que o restablecemento do recorrente no dereito constitucional vulnerado sexa tardío e impida a súa efectiva restauración*" (ATC 79/2009, do 9 de marzo de 2009).

Este Pleno, estima que o acordo non é un acto capaz de producir prexuízo irreparable ao agora recorrente. Tal acordo expón de forma suficientemente motivada as razóns polas cales a SUBDIC non aprecia que dos feitos denunciados despréndanse indicios de infracción da LDC.

Hai que indicar adicionalmente que tal como sinala a Audiencia Nacional, *“non existe un dereito subxectivo do denunciante a obter unha declaración sobre a existencia ou non da infracción, o que implica que non existe un deber xuridicamente exixible que impoña a obriga de iniciar una investigación. As referidas decisións, tomadas necesariamente sobre a base dun exame pormenorizado dos feitos e alegacións formulados polo denunciante, están suxeitas a un ulterior control xurisdiccional, que exclúe a valoración da oportunidade na toma da decisión, pois se limita a verificar que a decisión controvertida, non está baseada en feitos materialmente inexactos, non está viciada de ningún erro de dereito, nin tampouco de ningún erro manifesto de apreciación, nin de desviación de poder.”* (sentencia da Audiencia Nacional, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 6ª, do 18 de maio de 2017, con cita da senteza do Tribunal de Primeira Instancia do 18 de setembro de 1992 asunto T-24/90 Automec, apartados 73 a 81).

En tal medida, corresponde a este Pleno no contexto da resolución do presente recurso contrastar se no caso concreto concorren as circunstancias establecidas no artigo 47 da LDC (indefensión ou prexuízo irreparable) para estimar o recurso presentado polo recorrente contra o acordo de peche de tales dilixencias.

A SUBDIC, no acordo agora recorrido, formula un razoamento que permite ao recorrente comprender os motivos que levan ao órgano de instrución a acordar que non proceden posteriores actuacións con respecto aos seus escritos de denuncia, posibilitando ao recorrente o exercicio doutras accións que estime oportunas.

En todo caso, a valoración realizada sobre os feitos denunciados non impide que a achega de información adicional por parte do denunciante, distinta da remitida ata la data, puidese dar lugar a novas actuacións e, no seu caso, a unha nova valoración dos feitos.

Deste xeito, baixo ningunha perspectiva pode apreciarse que a actuación administrativa da SUBDIC na que se fundamenta o presente recurso causase indefensión nin prexuízo irreparable aos dereitos do recorrente.

Por todo o anteriormente exposto, non reunindo os requisitos exixidos polo artigo 47 da LDC, este Pleno entende que o recurso examinado na presente resolución debe ser desestimado.

TERCEIRO.- Sobre a extemporaneidade do recurso administrativo interposto ao abeiro do artigo 47 LDC.

A norma de referencia para avaliar o recurso presentado é a norma específica que recolle a actual LDC, isto é, o xa citado artigo 47 LDC.

O citado precepto regula non só os motivos que poderían xustificar a súa estimación, sempre que a resolución ou acto impugnado proceda da Dirección de Investigación, no noso caso, a SUBDIC, (indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e/ou intereses lexítimos), senón que regula de xeito tamén específico e limitativo un prazo máximo de interposición: dez días (artigo 47.1 LDC, “no *prazo de dez días*”), que deben considerarse “hábles”.

Así mesmo dispón o mesmo artigo 47, neste caso, no seu parágrafo 2 que “2. O *consello inadmitirá, sen máis trámite, os recursos interpostos fora de prazo*”.

O *disposto no propio precepto de referencia, citado correctamente polo recorrente*, implica que a SUBDIC revise se o recurso interposto foi presentado dentro do citado prazo de dez días hábiles, e, de non ser así, informe acerca da súa non admisión.

Deste xeito, e centrándonos xa nos feitos que obran acreditados no expediente e nas súas consecuencias xurídicas inmediatas, o acto recorrido ao acordo de poñer fin á información reservada, do 3 de decembro de 2021, foi efectivamente notificado ao interesado, agora recorrente, o mesmo 3 de decembro de 2021, pois nesa mesma fecha foi aberta a comunicación que lle foi remitida mediante saída dixital.

Por o seu parte, o recurso administrativo foi interposto mediante un escrito presentado nunha oficina de Correos, con data 21 de decembro de 2021, tendo entrada no IGCC, como mostra o seu rexistro, o 27 de decembro de 2021.

Os datos anteriores revelan que foi presentado claramente fora de prazo, pois tomando como referencia o día seguinte ao da súa notificación, que sería o 4 de decembro de 2021, como data de inicio do cómputo dos dez días hábiles, o prazo finalizaría o 17 de decembro de 2021, constando como data mais favorable de presentación para o interesado a do 21 de decembro de 2021, segundo acredita o selo de Correos.

Vistos os preceptos citados e os demais de xeral aplicación, o Pleno da Comisión Galega da Competencia,

RESOLVEU

ÚNICO.- O INADMITIR POR EXTEMPORÁNEO O recurso interposto por D. VICTOR MANUEL SAMBADE ROMAR, no que se solicitaba a anulación da decisión de pechar cautelamente as actuacións seguidas como información reservada (IR), identificadas como **IR 3/2020, “Cofraría de pescadores de Camariñas”** ao non concorrer os requisitos previstos no artigo 47 LDC, confirmando a conformidade a Dereito da decisión adoptada pola SUBDIC.



Comuníquese esta Resolución á **SUBDIRECCIÓN XERAL DE INVESTIGACIÓN** e notifíquese ao interesado, facéndolle saber que a mesma pon fin a vía administrativa e que pode interpoñer contra ela recurso contencioso-administrativo ante Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa notificación.

